

**COMUNICADO DA PLATAFORMA ARTES DO MOVEMENTO (PAM) DE  
REXEITAMENTO Á APROBACIÓN DO DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O  
ESTATUTO DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC)**

**21.04.2021**

Dende a PAM (Plataforma Artes do Movemento) queremos facer pública a nosa total disconformidade coa aprobación do *Decreto 53/2021, do 18 de marzo, polo que se modifica o Estatuto da Axencia Galega das Industriais Culturais*, publicado no DOG o 7 de abril de 2021<sup>1</sup>, e que fai efectiva a fusión dos departamentos de Música e Danza nun novo departamento único que terá entre as súas competencias a dirección do Centro Coreográfico Galego.

Levamos dende 2019 loitando polo non desmantelamento do CCG así como o mantemento do orzamento e as estruturas necesarias para o correcto desenvolvemento do sector, tal como se comunica á Agadic nun documento coas suxestións ao Proxecto de Decreto do cambio de estatutos do Agadic con data do 12 de decembro de 2019<sup>2</sup>, coas seguintes reivindicacións:

1. O mantemento dentro da nova estrutura interna da AGADIC, da unidade administrativa “Departamento de Danza” que atenda exclusivamente á realidade da Danza e das Artes do Movemento, co mesmo rango, dotación de recursos, competencias e funcións cos restantes Departamentos.
2. Opoñémonos á integración do Departamento de Danza no Departamento de Música prevista nos novos artigos 25 e 26 do Estatuto de AGADIC xa que **consideramos que ambas manifestacións culturais necesitan dun tratamento e unha dirección técnica específica que non se pode atender dende políticas públicas e unidades administrativas homoxeneizadoras.**
3. Evitar e rectificar o **baleiramento de funcións** que supón o novo artigo 27 do Estatuto da AGADIC no que desaparecen funcións e atribucións recollidas no anterior Estatuto (as mencionadas no artigo 27.2., apartados b, c, d, e, f do Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais).
4. Suxerimos que **a redacción das funcións tanto do Departamento de Danza, como da persoa coordinadora do mesmo, sexa revisada e consensuada co sector profesional, mediante a apertura dun proceso de participación.**
5. Suxerimos que se aproveite a ocasión da modificación dos Estatutos da AGADIC para revisar e **dotar da xusta autonomía e independencia á figura da dirección do Centro Coreográfico Galego**, función que actualmente e na redacción proposta no proxecto de Decreto é competencia da persoa que ostente a coordinación do Departamento de Música e Danza.

---

<sup>1</sup> Enlace reforma estatuto: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210407/AnuncioG0598-260321-1\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210407/AnuncioG0598-260321-1_gl.pdf)

<sup>2</sup> Enlace documento de Suxestións da PACCG:

[https://ba5978c8-fe29-4fbf-966f-2f257e108d7a.filesusr.com/ugd/c3b9d8\\_2733c004e2c44ecb922b4b93b7903d1f.pdf](https://ba5978c8-fe29-4fbf-966f-2f257e108d7a.filesusr.com/ugd/c3b9d8_2733c004e2c44ecb922b4b93b7903d1f.pdf)

Ademais deste documento de suxestións compartido coa Agadic, fanse públicos varios comunicados posteriores nos que se reitera a disconformidade co desmantelamento do Centro Coreográfico Galego, reiterando os puntos anteriores como mínimos de operatividade para construír calquera Plan Xeral para a Danza<sup>3</sup>. Estes comunicados partiron da entón denominada Plataforma de Afectadas polo Centro Coreográfico Galego (PACCG) e que derivou na actual Plataforma Artes do Movemento (PAM). As reivindicacións da PACCG foron apoiadas por un total de 298 profesionais, compañías e entidades da danza e das artes do movemento, que asinaron ditos comunicados recollidos na web da Plataforma (<https://plataformaafectada.wixsite.com/afectadasccg>).

Con data 18 de febreiro de 2020 celébrase na sede da Agadic unha primeira reunión para a elaboración do Plan Integral da Danza (PID), á que a PAM acode como interlocura, trasladando nesa mesma reunión á Dirección da AGADIC a solicitude dunha resposta clara en relación ao compromiso esixido de renunciar á fusión de departamentos antes citada, xa que, tal e como expresa o consenso da comunidade da danza, o CCG debe ser centro de referencia institucional –dotado de autonomía, persoal, recursos económicos suficientes, e funcións consensuadas co sector–.

**Coa aprobación do Decreto polo que se modifica do seu Estatuto, a AGADIC decide non escoitar as peticións do sector e proceder de xeito unilateral –sen cumprir o seu compromiso de diálogo e participación anunciado no proceso do PID–, á substitución do Departamento de Producción Coreográfica por un novo Departamento de Música e Danza no que se fusionan ambas áreas (e do que dependerá a dirección do Centro Coreográfico Galego).**

Na comisión de Educación e Cultura celebrada o 26 de marzo de 2021 no Parlamento de Galicia, o director da AGADIC, Jacobo Sutil, respondía ás cuestións expostas pola Deputada do BNG Mercedes Queixas Zas en relación á disconformidade do sector, afirmando que “ *o segundo cambio importante é a actualización das competencias do Departamento de Producción Coreográfica, que pasará a ter funcións en música e en todo o ámbito da danza. Esta iniciativa responde ao Plan Integral de Danza que estamos a desenvolver conxuntamente co sector. O Director do Coreográfico amplía as súas funcións coa vista posta en dar resposta aos actuais desafíos e para crear sinerxias entre as diferentes disciplinas; así mesmo, asumirá o seguimento do Plan Integral de Danza, un seguimento que deberá ser integral, ao igual que deberán ser as medidas do Plan*”.

Dende a PAM, consideramos que esta afirmación non é correcta: a modificación non pode responder ao Plan Integral de Danza, sendo que este apenas ten arrancado, téndose celebrado unha única primeira reunión na cal trasladamos o noso claro rexietamento a dita fusión do Departamento de Música e Danza.

E para que así conste a nosa disconformidade, facemos público este comunicado.

21 de abril de 2021  
PLATAFORMA ARTES DO MOVIMENTO (PAM)  
<https://www.pamgaliza.org/>

---

<sup>3</sup> Enlace ao comunicado do 26 de xaneiro de 2020 da PACCG: [https://ba5978c8-fe29-4fbf-966f-2f257e108d7a.filesusr.com/ugd/c3b9d8\\_5fa61b048c614400815a85621241e90d.pdf](https://ba5978c8-fe29-4fbf-966f-2f257e108d7a.filesusr.com/ugd/c3b9d8_5fa61b048c614400815a85621241e90d.pdf) . Enlace ao comunicado de prensa da PACCG enviado con data 18 de febreiro de 2020: [https://drive.google.com/drive/u/2/folders/1Eom7L7taYnouXhP3lyq9cACsYo7sJ\\_B-](https://drive.google.com/drive/u/2/folders/1Eom7L7taYnouXhP3lyq9cACsYo7sJ_B-)